

The page features a decorative graphic consisting of three blue circles of varying sizes, each with a lighter blue ring around its center. These circles are arranged vertically and are connected by thin blue lines that extend from the top-left and bottom-right corners of the page towards the center.

PLAN ANUAL DE LECTURA

Programación da biblioteca

“Biblio A Ponte”

IES Eduardo Pondal (Ponteceso)
Curso 2024-2025

ÍNDICE

OBXECTIVOS	4
ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS.....	6
ESPAZOS:	6
TEMPOS:.....	7
LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN	8
ORGANIZACIÓN E XESTIÓN.....	8
DINAMIZACIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA.....	8
FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL	9
FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE LECTURA DE CENTRO.....	9
BIBLIOTECA INCLUSIVA.....	10
OUTRAS ACTUACIÓNS	10
AVALIACIÓN	10
ACTIVIDADES PROGRAMADAS	11
1º TRIMESTRE.....	11
2º TRIMESTRE.....	12
3º TRIMESTRE.....	13
RECURSOS HUMANOS.....	15
ITINERARIOS LECTORES	17
Departamento de Latín	17
Departamento de Inglés.....	17
Departamento de Francés	18
Departamento de Galego	18
Departamento de Castelá.....	20
Departamento de Historia.....	22
Departamento de Física e Química.....	24

Departamento de Matemáticas.....	25
Departamento de Economía.....	25
Departamento de Tecnología	26
LER EN FAMILIA	27
SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.....	28

O Plan Anual de Lectura é o documento que recolle todas as iniciativas concretas relacionadas coa formación lectora e o papel que desenvolve a biblioteca, e que se marcan como obxectivos a conseguir en cada curso. O PAL forma parte da PXA e debe ser actualizado cada ano.

No instituto trabállase de xeito cotiá o fomento da lectura xa que a maior parte dos departamentos ofrecen os seus itinerarios lectores, recollidos nas respectivas programacións, que contemplan o tempo de dedicación á lectura na aula, os itinerarios lectores propostos, a avaliación e a utilización dos recursos da biblioteca para levalo a cabo.

A biblioteca será o recurso de referencia para todas as actuacións que pretendan a mellora das competencias de lectura, escritura e habilidades para o uso e produción de información, o lugar privilexiado que ofrece oportunidades de aprendizaxe, de colaboración e de convivencia, e que reforza todos e cada un dos programas e proxectos do centro.

OBXECTIVOS

1. Converter a biblioteca nun centro de recursos en todos os soportes actuais da información (bibliográficos, audiovisuais e informáticos) e como espazo creativo.
2. Facilitar información e dotar ao noso alumnado das capacidades básicas que lles permita manexar distintas fontes de información.
3. Coordinar o equipo de apoio da biblioteca escolar.
4. Organizar actividades que fomenten a lectura, tanto como medio de información como de lecer para crear lectores que lean para aprender, por curiosidade, para desenvolver a capacidade de investigación persoal, para resolver dúbidas puntuais, para dar resposta a intereses persoais, para mover a súa imaxinación, para sentir, gozar e comprender o mundo que os rodea.
5. Ofertar recursos culturais.
6. Apoiar a adquisición das competencias clave do alumnado e contribuír a un maior logro académico, mellores resultados e actitudes de aprendizaxe.
7. Avanzar na consecución dunha biblioteca escolar inclusiva, en relación aos fondos, aos espazos e ás persoas usuarias.
8. Favorecer o fomento da lectura e da escritura. Promover a participación nos clubs de lectura.
9. Favorecer o fomento e uso dos recursos audiovisuais, principalmente do laboratorio de radio, unha vez que foi concedido o programa “Radio na Biblio”.
10. Favorecer a adquisición de destrezas no uso autónomo de recursos e para a aprendizaxe autónoma.
11. Formar ao alumnado, profesorado e familias para o uso da biblioteca escolar.

12. Apoiar o desenvolvemento doutros plans e proxectos do centro.
13. Coordinar, seguindo as directrices da consellería, e elaborar a posta en práctica do proxecto lector de centro, coa participación de todo o profesorado.
14. Informar e difundir o PAL a toda a comunidade educativa.
15. Incentivar o uso da biblioteca por parte de toda a comunidade educativa.
16. Asesorar ao profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos.
17. Diseñar material para traballar ALFIN/AMI e poder desenvolver as competencias informacionais e mediáticas.
18. Avaliar o funcionamento da biblioteca para deseñar propostas de mellora.
19. Representar ao equipo de biblioteca na Comisión de Coordinación Pedagóxica e na Comisión de biblioteca dentro do Consello Escolar.

ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS

A biblioteca escolar segue as directrices marcadas polo Plan Lía, onde se destaca que debe ser un espazo de lectura, información e aprendizaxe para mellorar as competencias de lectura, escritura e habilidades investigadoras e de uso da información por parte de toda a comunidade educativa.

ESPAZOS:

Como espazo físico contamos cunha superficie duns 120 metros cadrados divididos en dúas estancias. Unha das estancias é a aula creada como “Laboratorio de aprendizaxes creativas” onde se traballa co material audiovisual (croma e radio principalmente) e contamos tamén co espazo tradicional da biblioteca, a dobre altura, no que se dispón o seguinte equipamento:

- Zona de lectura e traballo individual máis unha zona de traballo en grupo que suman ao redor de 40 postos na zona central da biblioteca. A disposición das mesas móbiles varía dependendo das necesidades dos usuarios ou das actividades que se realicen.
- Zona de equipos informáticos: existe un ordenador con conexión a internet de banda ancha para o uso do alumnado. Dispoñemos de WI-FI para que alumnado e profesorado poidan acceder a internet desde os seus portátiles persoais.
- Zona de préstamo e atención aos usuarios: mostrador de cara a porta, cun ordenador de uso exclusivo do profesorado de garda, impresora e diverso material para realizar os préstamos e demais xestión da biblioteca.
- Mobiliario para os fondos documentais: Contamos con tres cuartos das paredes cheas de andeis abertos e en dobre altura. Ademais dun caixón de devolucións, expositor fixo de novidades ao lado da porta e dous expositores con rodas que colocamos segundo as necesidades, un deles está dedicado exclusivamente ás revistas e documentación informacional. O outro destínase aos dicionarios das diferentes linguas empregadas no centro.
- Zona de lectura relaxada: contamos con sofás e *puffs* de descanso.
- Zona de xogos: espazo ocupado por mesa e cadeiras dedicado á práctica de diversos xogos de mesa que se recollen en andeis e clasificados polas diversas temáticas (xadrez, de creación, memorísticos,...).
- Paneis informativos e expositivos que complementan ao corredor exterior como espazo para as exposicións bibliográficas, fotográficas, etc.
- Pequena zona cun equipo de son e pantalla de proxección.

Así mesmo, tamén debemos ter en conta o espazo virtual na páxina web do centro onde se accede ao blog “Artellando na biblio”, e pódese consultar o catálogo, a plataforma ELBE, as recomendacións lectoras, os clubs de lectura, etc.

En canto aos recursos que se dispoñen nos diferentes espazos, a biblioteca conta cun fondo bibliográfico, tanto de ficción como documental, de máis de dezasete mil rexistros, repartidos tanto no espazo da biblioteca como nos departamentos e laboratorios. Estes dous últimos anos, estase a realizar un expurgo de fondos obsoletos que se gardan nun depósito accesible para a súa consulta de seres necesario, por parte de calquera membro da comunidade educativa.

Ademais, conta con fondos multimedia e material audiovisual (pantalla táctil, equipo de radio, croma, máquina de coser e material de costura, máquina de chapas, pistolas de silicona, etc.) e material de papelería (rotuladores lettering, cartolinas, feltros, diversos tipos de papeis, etc.).

TEMPOS:

O equipo de apoio da biblioteca intentará, dentro do posible, manter un horario amplo de uso e gozo das instalacións durante o horario lectivo, podendo facer uso destes espazos todo o profesorado que o solicite previamente para actividades puntuais ou para impartir clases que precisen dos recursos que se ofrecen.

Como novidade, desde a biblioteca vaise propoñer ás familias a súa colaboración na apertura da biblioteca fóra do horario lectivo.

Así mesmo, este equipo encargárase das gardas de biblioteca, da catalogación, e xestionará os préstamos, devolucións; deseñará e programará as actividades e tamén o traballo do voluntariado durante os recreos.

LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

As liñas prioritarias de actuación para o vindeiro curso contemplan actuacións nos seguintes ámbitos:

ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

Para a xestión da biblioteca seguiremos criterios estandarizados no ámbito bibliotecario (CDU: simplificación para a zona de Narrativa, Poesía e Teatro). Usaremos o programa KOHA para xestionar os fondos e préstamos.

As liñas a desenvolver neste apartado son:

- Constitución do equipo de apoio de biblioteca que abrangue aos máximos departamentos posibles e que poida cubrir un horario suficiente de atención. Así mesmo, intentarase contar cunha hora de reunión semanal de todo o equipo de biblioteca para organizarse na xestión de recursos, catalogación, peticións de material, e demais cuestións relacionadas co día a día.
- Continuación co proceso de catalogación de todos os fondos no programa Koha e expurgo de material obsoleto.
- Continuación coa reorganización dos fondos nos diferentes espazos: aula de lectura, aula creativa, departamentos, depósito.
- Actualización da sinalética da biblioteca e creación dun logotipo representativo.
- Elaboración dun calendario coas actividades que se ofertarán en relación aos Recreos Creativos.
- Fomento o uso da biblioteca como apoio ao profesorado no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Coordinación cos departamentos na execución dos posibles plans e proxectos a desenvolver. Principalmente co EDNL.
- Coordinación coas bibliotecas da contorna.
- Creación e organización do equipo de alumnado voluntario.

DINAMIZACIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA

O equipo de biblioteca elaborará un programa de actividades co propósito de dinamizar e promover os recursos da biblioteca:

- Celebrar as conmemoracións das datas sinaladas.
- Difusión das novidades, ben no expositor físico, nos taboleiros das aulas e tamén virtualmente.
- Promover a realización de distintos obradoiros que enriquezan a “Biblioteca Creativa”: cromas, confección, manualidades...

- Coordinar e garantir a integración do programa “Radio na Biblio” para todo o alumnado e profesorado.
- Repensar o espazo da “Biblioteca Creativa” para unha mellor organización dos usos e tempos.
- Convocatoria de concursos literarios.
- Actualización e difusión da sección dos xogos e clasificación dos mesmos por temáticas.
- Mantemento, actualización e publicidade do blog para dar visibilidade ás actividades da biblioteca.
- Apoio aos proxectos e programas nos que se integre a investigación e a lectura e nos que teñan un peso importante os recursos da biblioteca.
- Apertura da biblioteca ás familias, coa creación de actividades que poidan desenvolverse de xeito conxunto entre alumnado, profesorado e familias.

FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL

- Programa de formación de usuarios que recollerá as diferentes actuacións a levar a cabo durante o curso: presentación dos espazos e recursos, información sobre as normas de uso, horarios e condicións de préstamo, presentación da web e o blog.
- Colaboración e formación de usuarios coas bibliotecas da contorna.
- Apoio ao profesorado para o traballo coa información e contribuír á alfabetización múltiple nas diferentes materias.
- Obradoiros de creación documental e audiovisual.
- Creación de material ALFIN/AMI.
- Elaboración do proxecto que culmina cada ano na celebración da Semana Cultural. Dito proxecto implicará unha busca activa de información e elaboración de traballos orixinais dentro do currículo de cada materia. O obxectivo deste proxecto será o de promover a aprendizaxe autónoma integrando as tecnoloxías da comunicación na recollida e tratamento da información.

FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE LECTURA DE CENTRO

- Difusión do Plan Anual de Lectura.
- Creación e dinamización dos Clubs de Lectura.
- Plataforma E-LBE.2: retos de lectura e listaxes de títulos con recomendacións lectoras.
- Repensar a Hora de Ler, atendendo ás demandas do alumnado, intentando mesturar a lectura individualizada con actividades máis dinámicas e a lectura compartida.
- Organización de faladoiros con escritores e ilustradores.

- Campañas de recomendacións lectoras para os períodos de vacacións.
- Organización de obradoiros e concursos de creación literaria.
- Integración das familias nas actividades de dinamización da lectura no contexto da biblioteca como espazo creativo.

BIBLIOTECA INCLUSIVA

- Colaboración co departamento de orientación para coñecer as dificultades que ten o alumnado do centro e poder darlle resposta desde a biblioteca escolar.
- Adquisición de fondos e de material adaptado para o alumnado con NEAE (mobiliario, máis fondos de libros de letra grande, pictogramas, lupa dixital...).
- Planificación de actividades adaptadas para a inclusión de todo o alumnado.
- Elaboración e difusión dunha listaxe centrada en temáticas inclusivas para toda a comunidade educativa.

OUTRAS ACTUACIÓNS

- Continuidade da actividade “Venres musical”, na que o alumnado mostra os seus talentos artísticos.
- Saídas didácticas e roteiros literarios.
- Participación en concursos radiofónicos, debates académicos, xornalísticos, de teatro,...

AVALIACIÓN

Para realizar o balance final e avaliar os froitos obtidos, desde o equipo de biblioteca teremos en conta os seguintes criterios:

- Actualización dos instrumentos de avaliación.
- Recollida de datos sobre o funcionamento da biblioteca por parte de alumnado, profesorado e familias.
- Análise dos resultados e autoavaliación do equipo de biblioteca.
- Propostas de mellora a partir dos resultados analizados.

ACTIVIDADES PROGRAMADAS

As actividades para o curso escolar 2024-2025 irán desenvolvéndose paralelamente ás Liñas prioritarias de actuación e programaranse nun plan de actuación por trimestres. Estas actuacións atenden tanto á xestión e organización da biblioteca como a actividades de fomento da lectura, de traballo da información e eixo de alfabetización, de extensión cultural e de implicación da comunidade educativa:

1º TRIMESTRE

Tarefas para o equipo de biblioteca:

Planificación e reparto de tarefas entre os membros do equipo da biblioteca na reunión semanal.

Difusión entre a comunidade educativa das actividades programadas para o trimestre.

Actualización de usuarios e permisos de Koha.

Selección e compra de material para o alumnado NEAE.

Rexistro e catalogación dos novos fondos.

Colocación de andeis e mantemento da orde neles. Expurgo de material obsoleto.

Publicación de entradas na páxina web e no blog.

Elaboración do calendario para uso da “Biblioteca creativa” durante os recreos do trimestre.

Creación e coordinación do equipo de voluntariado.

Actualización da sinalética dos andeis e dos espazos da biblioteca.

Realización de préstamos e devolucións nos recreos.

Actividades:

Clubs de lectura. Estarán compostos tanto por alumnado, profesorado e familias. A coordinadora encargarse de programar e coordinar os clubs e dinamizar as súas reunións. (Organizados por temáticas, este curso contamos con catro clubs de lectura incluíndo o de adultos).

Xornadas de formación de usuarios para todo ESO, 1º FPB e 1º BAC. (Nas titorías do mes de outubro.)

Elaboración do calendario e posta en marcha da actividade HORA DE LER. Nela participa toda a ESO. (De outubro a maio, excepto en semanas previas ás avaliacións.)

Participación do alumnado de radio no Concurso de Teatro Lido do FIOT.

Convocatoria do premio “Crea un logo para BiblioAPonte”.

“A xogar...”: liga de xadrez durante os recreos.

Creación do boletín de recomendacións lectoras para as vacacións de Nadal, elaborado polo alumnado a través de recensións, booktrailers, etc.

Conmemoracións:

24/10: Día Internacional das Bibliotecas.

30/10 SAMAÍN: “Concurso de podcast de Medo”. Proxección dun filme. “Concurso de cabazas”, e exposición de lecturas terroríficas.

25N: Día Contra a violencia de Xénero.

16-20 Semana do Nadal: creación e concurso de postais, adornos... durante as titorías do mes do Nadal.

2º TRIMESTRE

Tarefas para o equipo de biblioteca:

Planificación e reparto de tarefas entre os membros do equipo da biblioteca na reunión semanal.

Difusión entre a comunidade educativa das actividades programadas para o trimestre.

Colocación de andeis e mantemento da orde neles. Expurgo de material obsoleto.

Publicación de entradas na páxina web e no blog.

Rexistro e catalogación dos novos fondos.

Elaboración do calendario para uso da “Biblioteca creativa” durante os recreos do trimestre.

Coordinación do equipo de voluntariado.

Actualización da sinalética dos andeis e dos espazos da biblioteca.

Realización de préstamos e devolucións nos recreos.

Actividades:

Continuación dos clubs de lectura.

Organización de obradoiros de creación literaria.

Faladoiros con escritores e ilustradores.

Celebración dos “Venres musicais”. O último venres de cada mes haberá unha actuación na biblioteca a cargo do alumnado do centro que mostra as súas dotes artísticas.

Actividades da radio escolar durante os recreos dentro do programa “Radio na biblio”.

Actividades da Biblioteca creativa: obradoiro de confección de bolsas de tea.

“A xogar...”: campionato de xogos de lóxica durante os recreos.

Participación na Semana Cultural do instituto.

Creación do boletín de recomendacións lectoras para as vacacións de Semana Santa, elaborado polo alumnado a través de recensións, booktrailers, etc.

Conmemoracións:

30/1: Día da Paz e Día da Ilustración.

2/2: Día da Candeloria.

23F: Día de Rosalía de Castro. Recital poético e musical.

8M: Día da Muller. Exposición fotográfica sobre mulleres relevantes na Historia.

3º TRIMESTRE

Tarefas para o equipo de biblioteca:

Planificación e reparto de tarefas entre os membros do equipo da biblioteca na reunión semanal.

Difusión entre a comunidade educativa das actividades programadas para o trimestre.

Colocación de andeis e mantemento da orde neles. Expurgo de material obsoleto.

Publicación de entradas na páxina web e no blog.

Rexistro e catalogación dos novos fondos.

Elaboración do calendario para uso da “Biblioteca creativa” durante os recreos do trimestre.

Coordinación do equipo de voluntariado.

Realización de préstamos e devolucións nos recreos.

Actividades:

Continuación dos clubs de lectura.

Realización dun roteiro literario.

Organización de obradoiros de creación literaria.

Faladoiros con escritores e ilustradores.

Celebración dos “Venres musicais”. O último venres de cada mes haberá unha actuación na biblioteca a cargo do alumnado do centro que mostra as súas dotes artísticas.

Actividades da radio escolar durante os recreos dentro do programa “Radio na biblio”.

Actividades da Biblioteca creativa: obradoiro de *lettering* e *origami*.

Creación do boletín de recomendacións lectoras para as vacacións de verán, elaborado polo alumnado a través de recensións, *booktrailers*, etc.

Conmemoracións:

Semana Cultural.

23/4: Día do Libro. Lectura continuada de textos seleccionados durante a xornada lectiva. Realización dun *bookface*.

17/5: Semana das Letras Galegas. Faladoiros con escritores, homenaxes “Un escritor... unha árbore”, recitais, etc.

RECURSOS HUMANOS

O equipo da biblioteca está formado por un amplo abano de profesores e profesoras de varias materias. A profesora coordinadora do equipo da biblioteca, Eva Tizón Zas do departamento de Lingua Castelá e Literatura, conta este ano con seis horas de garda e unha para a reunión do equipo de biblioteca, o resto do equipo oscila entre unha e dúas horas.

Eva Tizón Zas	Lingua Castelá e Literatura (Coordinadora de Biblioteca)
Eva García Reino	Lingua Castelá e Literatura (Coordinadora Clubs de Lectura)
Jorge Cea Viña	Lingua Castelá e Literatura
Silvia Candia Expósito	Educación Plástica e Visual
Rubén Amado	Lingua Galega e Literatura
Rosalía Regueiro Méndez	Xeografía e Historia
Eva Rodríguez Pombo	APSD
Uxía Varela	Lingua Galega e Literatura

Ademais, colabora coa biblioteca na proposta de actividades, na detección de necesidades e na xestión e uso da mesma, o seguinte profesorado:

Mariana Varela Bramwell	Orientación
Leticia Castro Calviño	Vicedirección
Carlos López	Física e Química
Diego Domínguez	Inglés
Carmen Sierra	Música
Pilar Varela	Xeografía e Historia
Guadalupe López	Automoción
Aurora Figueroa	Matemáticas

Lucía Castro Varela	Filosofía
---------------------	-----------

Este equipo cubrirá a atención da biblioteca no seguinte horario:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:30-9:20				Lucía Castro	
9:20-10:10	Jorge Cea	Aurora Figuroa	Diego Dguez	Rosalía Regueiro	Carmen Sierra
10:10-11:00	Rubén Amado	Eva Rguez Eva Tizón	Eva Tizón	Uxía Varela	Uxía Varela
RECREO	Rubén Amado	Lupe López	Rubén Amado	Pilar Varela	Lupe López
11:30-12:20	Silvia Candia	Carlos López	Eva Tizón	Reunión Biblio	Eva Rguez
12:20-13:10	Eva Tizón	Eva Tizón	Carmen Sierra	Rubén Amado	Carlos López
13:10-14:00	Eva Tizón				

ITINERARIOS LECTORES

A continuación incluimos a aportación de cada departamento ao Plan Anual de Lectura:

Departamento de Latín

Materia e curso: Grego II, 2º Bacharelato

Dedicación á lectura na aula

Só ocasionalmente se dedicará algún tempo á lectura dalgunhas pasaxes nas sesións de clase, a propósito da explicación dos contidos teóricos de literatura. As lecturas son, ante todo, un traballo persoal do alumnado.

Itinerarios Lectores

- *Iliada*, Homero.
- *Poesía lírica arcaica*, Safo, Alceo, Arquíloco.
- *Edipo rei*, Sófocles.
- *La Asamblea de las mujeres*, Aristófanes.
- *Cunus. Sexo y poder en Roma*, Patricia González Gutiérrez.
- *Los Arcanienses. Los Caballeros. Las Tesmoforias. La Asamblea de las Mujeres*, Aristófanes.

Criterios de avaliación

As lecturas de Grego II serán avaliadas no apartado dos contidos teóricos, cun peso aproximado de 1,5 puntos.

Utilización dos recursos da Biblioteca

Dado o escaso número de alumnado, a biblioteca conta con suficientes exemplares, que están tamén a disposición dos alumnos nos fondos do departamento.

Departamento de Inglés

Materia e curso: Inglés

Dedicación á lectura na aula

Aparte da hora de ler, dedícase tempo na aula á lectura e comprensión dos textos temáticos de cada unidade didáctica arredor dun tema de interese social e educativo.

Itinerarios Lectores

Non hai libros de lectura obrigatorios aparte dos textos que veñen nos manuais.

Criterios de avaliación

En todas as probas a comprensión lectora está presente con entre un 10 e un 20% , máis ben cara o 20, do valor total da proba.

Utilización dos recursos da Biblioteca

Departamento de Francés

Materia e curso: Francés, ESO e Bacharelato

Dedicación á lectura na aula

A participación na Hora de ler nos cursos de ESO.

Itinerarios Lectores

Non hai lecturas previstas.

Criterios de avaliación

Utilización dos recursos da Biblioteca

Departamento de Galego

Materia e curso: Lingua e Literatura Galegas, ESO, Bacharelato e FPB.

Dedicación á lectura na aula

Nos dous cursos de bacharelato non se fai lectura.

Na ESO participase na “Hora de Ler”, 20 minutos por grupo á semana.

En 2º FPB dedícase tempo semanal á lectura.

Itinerarios Lectores		
<i>A fiestra valdeira</i> <i>(lectura obrigatoria)</i>	Rafael Dieste	2º Bach.
<i>A esmorga</i> <i>(lectura obrigatoria)</i>	Blanco Amor	2º Bach.
<i>O club da calceta</i> <i>(lectura obrigatoria)</i>	María Reimóndez	2º Bach.
<i>Cousas</i>	Alfonso Rodríguez Castelao	2º Bach.
<i>Dos arquivos do trasno</i>	Rafael Dieste	2º Bach.
<i>Merlín e familia</i>	Álvaro Cunqueiro	2º Bach.
<i>Á lus do candil</i>	Ánxel Fole	2º Bach.
<i>Memorias de Tains</i>	Rodríguez Mourullo	2º Bach.
<i>O crepúsculo e as formigas</i>	Méndez Ferrín	2º Bach.
<i>Vento ferido</i>	Carlos Casares	2º Bach.
<i>Que me queres, Amor?</i> <i>(lectura obrigatoria)</i>	Manuel Rivas	1º Bach.
<i>Resistencia</i> <i>(lectura obrigatoria)</i>	Rosa Aneiros	1º Bach.
<i>O derradeiro libro de Emma Olsen</i>	Berta Dávila	1º Bach.
<i>Eroski Paraíso</i>	Chévere	1º Bach.
<i>Senlleiras</i>	Antía Yáñez	1º Bach.
<i>O conto da criada</i>	Margaret Atwood	1º Bach.
<i>Un nome de dicionario</i>	Amélie Nothomb	1º Bach.
<i>Made in Galicia</i>	Séchu Sende	1º Bach.
<i>Seique</i>	Susana Sanches Arins	1º Bach.
<i>A transformación</i>	Franz Kafka	1º Bach.
<i>O perfume</i>	Patrick Süskind	1º Bach.
<i>Orlando Orlando</i>	Virginia Woolf	1º Bach.
<i>Os nenos da varíola</i> <i>(lectura obrigatoria)</i>	María Solar	4º ESO
<i>O centro do labirinto</i> <i>(lectura alternativa)</i>	Agustín Fernández Paz	4º ESO
<i>A casa dos Lucarios</i> <i>(lectura obrigatoria)</i>	Teresa Moure	4º ESO
<i>Santoamaro</i> <i>(lectura obrigatoria)</i>	Fraga, Antonio M	4º ESO
<i>O segredo da casa de Formoso</i> <i>(lectura alternativa)</i>	Cajaraville, Héctor	4º ESO
<i>Bullying</i>	Álex Alonso	4º ESO
<i>O efecto Frankenstein</i>	Elia Barceló	4º ESO
<i>Conta saldada</i>	Suso de Toro	4º ESO
<i>Mecanoscrito da segunda orixe</i>	Manuel de Pedrolo	4º ESO
<i>A praia dos afogados</i>	Domingo Villar	4º ESO
<i>O curioso incidente do can a media noite</i>	Mark Haddon	4º ESO
<i>Unha primavera para Aldara</i>	Teresa Moure	4º ESO
<i>Un monstro vén a verme</i>	Patrick Ness	4º ESO

<i>Poetízate</i>	<i>Fran Alonso</i>	4º ESO
<i>Memorias dun neno labrego</i>	<i>Xosé Neira Vilas</i>	4º ESO
<i>Trescatorcedezaseis</i>	Rocío Leira	3º ESO
<i>Un ollo de vidro. Retrincos</i>	Rodríguez Castelao	3º ESO/2º BAC
<i>Quen matou a Inmaculada de Silva?</i>	Marina Mayoral	3º ESO
<i>Virtudes e misterios</i>	Xesús Fraga	3º ESO
<i>Ollos de auga</i>	Domingo Villar	3º ESO
<i>O corazón de Xúpiter</i>	Ledicia Costas	2º ESO
<i>Unha estrela no vento</i>	Ledicia Costas	2º ESO
<i>A expedición do pacífico</i>	Marilar Aleixandre	2º ESO
<i>Cartas de inverno</i>	Fernández Paz	2º ESO
<i>O que sei do silencio</i>	Andrea Maceiras	2º ESO
<i>Mentira</i>	Care Santos	2º ESO
<i>A pomba e o degolado</i>	Fina Casalderrey	2º ESO
<i>Chamádeme Simbad</i>	Francisco Castro	1º ESO
<i>No corazón do bosque</i>	Fernández Paz	1º ESO
<i>O misterio das badaladas</i>	Xabier P. Docampo	1º ESO
<i>Usha</i>	María Reimóndez	1º ESO
<i>Bala perdida</i>	Manuel Rivas	1º ESO
<i>O segredo do lagarto arnal</i>	Andrea Maceiras	1º ESO
<i>Dormente</i>	Raquel Castro	1º ESO

Criterios de avaliación

En bacharelato non hai tempo asignado á lectura en clase, pero si hai libros de lectura obrigatorios que son obxecto dunha proba escrita valorada co 10% da nota global do trimestre. Non se participa na Hora de Ler. As lecturas complementarias serven para recuperar a parte de nota da proba sobre lecturas obrigatorias.

Nos cursos de ESO tampouco se dedica tempo da materia á lectura. A proba sobre lecturas obrigatorias valórase co 10% da nota. Si se participa na Hora de Ler, e en 1º de ESO ofrécese a posibilidade de facer lecturas voluntarias para recuperar nota, sen superar a nota global da materia.

Utilización dos recursos da Biblioteca

Participamos, igual que todos os departamentos na Hora de ler.

En bacharelato non se fai hora de ler, aínda que se anima á lectura de obras relacionadas co temario e obras en galego en xeral.

Departamento de Castelá

Materia e curso: Lingua castelá e Literatura, ESO e Bacharelato

Literatura Universal, 1º Bacharelato

Dedicación á lectura na aula

En todos os niveis educativos dedícase a diario un tempo de lectura na aula, de textos significativos de obras literarias dependo dos períodos de estudo, e de textos nas distintas modalidades textuais e informacionais.

Itinerarios Lectores		
<i>Mentira</i>	Caré Santos	1º ESO
<i>La lección de August</i>	R. J. Palacios	1º ESO
<i>Verdad</i>	Caré Santos	1º ESO
<i>El Príncipe de la Niebla</i>	Carlos Ruíz Zafón	2º ESO
<i>Persépolis</i>	Marjane Satrapi	2º ESO
<i>Los mejores casos de Sherlock Holmes</i>	Arthur Conan Doyle	2º ESO
<i>La rama seca del cerezo</i>	Rafael Salmerón	3º ESO
<i>La leyenda del Cid</i>	Anónimo	3º ESO
<i>Nunca seré tu héroe</i>	María Menéndez Ponte	3º ESO
<i>Leyendas y Rimas</i>	Bécquer	4º ESO
<i>La casa de Bernarda Alba</i>	García Lorca	4º ESO
<i>Antología de cuentos de la literatura española</i>	AAVV	4º ESO
<i>La Catedral del Mar</i>	Ildefonso Falcones	1º BAC
<i>El guardián invisible</i>	Dolores Redondo	1º BAC
<i>La vida es sueño</i>	Calderón de la Barca	1º BAC
<i>Naves negras ante Troya</i>	Clásico adaptado	1º BAC
<i>Robinson Crusoe</i>	Daniel Defoe	1º BAC
<i>El gato negro y otros cuentos de terror</i>	Allan Poe	1º BAC
<i>Romancero Gitano</i>	García Lorca	2º BAC
<i>Crónica de una muerte anunciada</i>	García Márquez	2º BAC
<i>La Fundación</i>	Buero Vallejo	2º BAC
<i>El lector de Julio Verne</i>	Almudena Grandes	2º BAC

Criterios de avaliación

As lecturas obrigatorias son cualificadas cun peso dun 20% aproximadamente da nota de avaliación e o resto de lecturas levan o seu correspondente peso en cada actividade da que forman parte.

Utilización dos recursos da Biblioteca

Empréganse os fondos bibliográficos e informacionais, así como os espazos da biblioteca para a realización de actividades.

Departamento de Historia

Materia e curso: Xeografía e Historia, 1º a 4º ESO

Historia do mundo contemporáneo, 1º Bacharelato

Dedicación á lectura na aula

O departamento de Xeografía e Historia súmase á proposta da Hora de ler. Deste xeito, lemos vinte minutos en cada unha das sesións sinaladas no calendario.

Ao longo de todos os cursos de ESO, utilízanse diversas lecturas relacionadas con contidos propios da materia se ben, non cun tempo fixo asignado. Para isto poderanse propoñer traballos coas obras ao completo, por exemplo, a lectura dun libro, ou ben utilizar determinados fragmentos para ilustrar algún contido concreto. Estas lecturas poderán ter carácter voluntario ou obrigatorio, dependendo dos cursos e das características dos propios grupos.

Itinerarios Lectores		
<i>Veinte mil leguas de viaxe submarino</i>	Julio Verne	1º ESO
<i>A volta ao mundo en 80 días</i>	Julio Verne	1º ESO
<i>O libro do clima</i>	E. Gonstalla	1º ESO
<i>Que teñen que ver as vacas co cambio climático?</i>	M. Martínez	1º ESO
<i>A historia de Greta: non es demasiado pequeno para facer cousas grandes</i>	V. Camerini	1º ESO
<i>El tesoro de Brando</i>	M. Regueiro	1º ESO
<i>El valle de los caballos</i>	J. M. Auel	1º ESO
<i>La tierra de las cuevas pintadas</i>	J. M. Auel	1º ESO
<i>Mitos griegos</i>	M. Angelidou	1º ESO
<i>Asterix. Os Loureiros do César</i>	R. Goscinni e A. Uderzo	1º ESO
<i>Cleopatra</i>	C. Gil	1º ESO
<i>Ulf de Jakobsland: Os vikingos en Galicia</i>	A. Varela	2º ESO
<i>El señor del Cero</i>	M.I. Molina	2º ESO

<i>Así vivieron en Al-Ándalus: la historia ignorada</i>	J. Greus	2º ESO
<i>El capitán Alatriste</i>	Pérez Reverte	2º ESO
<i>O sonho do falcón</i>	X. Iglesias	2º ESO
<i>Ivanhoe</i>	W. Scott	2º ESO
<i>Ausentes</i>	A. Eiré	2º ESO
<i>Emigrantes</i>	T. Shaun	2º ESO
<i>Tristes Armas</i>	Marina Mayoral	2º ESO
<i>La puerta trasera del paraíso</i>	L. Leante	2º ESO
<i>Refugiado</i>	A Gratz	2º ESO
<i>La ciudad a través del tiempo. Un paseo histórico por una urbe: de colonia antigua a metrópoli</i>	P. Steele	2º ESO
<i>La vuelta al mundo de un forro polar rojo</i>	W. Korn	3º ESO
<i>El oro de los sueños</i>	J.M. Merino	3º ESO
<i>A ladroa da biblioteca de Meirás</i>	E. Mejuto	4º ESO
<i>La ladrona de libros</i>	M. Zusak	4º ESO
<i>Diario</i>	D. Puls (A. Frank)	4º ESO/ 1º BAC
<i>Los miserables</i>	Víctor Hugo	4º ESO
<i>A pensión Eva</i>	A. Camilleri	4º ESO
<i>Cuando Hitler robó el conejo rosa</i>	J. Kerr	4º ESO
<i>Un día de cólera</i>	Arturo Pérez Reverte	4º ESO
<i>El fotógrafo de Mauthausen</i>	S. Rubio	4º ESO
<i>La sombra del águila.</i>	Arturo Pérez Reverte	1º BAC
<i>Os nenos da varíola</i>	María Solar	4º ESO/ 1º BAC
<i>Rebelión en la granja</i>	George Orwell	1º BAC
<i>Diario</i>	Ana Frank	1º BAC
<i>Maus: relato de un superviviente</i>	Art Spiegelman	4º ESO/ 1º BAC
<i>Un verano en Lesmona</i>	Marga Beck	1º BAC
<i>O mundo en que vivín</i>	Ilse Losa	1º BAC
<i>Un día de cólera</i>	Arturo Pérez Reverte	4º ESO
<i>¡Putá guerra!: 1914-1919</i>	J.P. Verney	4º ESO/ 1º BAC
<i>La balada del norte</i>	A Zapico	4º ESO
<i>Persépole</i>	M. Satrapi	1º BAC
<i>Tiempos difíciles</i>	Dickens	1º BAC

Para 1º Bacharelato o alumnado traballará unha obra de contido histórico en cada trimestre. Para iso, a comezos de cada un, o alumnado escollerá entre varias propostas acordadas ás etapas a traballar en cada avaliación. Para realizar unha lectura máis

analítica, o alumnado traballará cunha guía de lectura na que desenvolver distintas actividades.

Criterios de avaliación

A avaliación das lecturas ou dos traballos propostos sobre elas (debates, enquisas, guías de lectura, etc.) cualificarase dentro da porcentaxe da nota correspondente ás tarefas, entregas, traballo diario, etc. Esta porcentaxe varía, en función dos cursos, entre o 40% e o 30%, tal e como se recolle nas programacións.

Utilización dos recursos da Biblioteca

O Departamento de Xeografía e Historia súmase á hora de ler. Ademais, desde as súas materias animará ao alumnado a participar nas actividades propostas dende a Biblioteca e colaborará na organización das mesmas.

Departamento de Física e Química

Materia e curso: Física e Química, 2º, 3º e 4º ESO; 1º e 2º Bacharelato

Dedicación á lectura na aula

Dedicaranse os vinte minutos estipulados na Hora de ler do centro segundo o calendario acordado. O carácter destas lecturas será libre.

A maiores, nas unidades ou apartados destas, poderán analizarse novas ou información variada sobre avances científicos extraídos de fontes diversas, tales como os seguintes blogs:

- dimetilsulfuro.es a cargo de Deborah García Bello.
- cienciadesofa.com a cargo de Jordi Pereyra.

Itinerarios Lectores

<i>El bosón de Higgs no te va a hacer la cama</i>	Javier Santaolalla	2º Bac
<i>El universo en una taza de café</i>	Jordi Pereyra	2º Bac
<i>Todo es cuestión de química</i>	Déborah García Bello	1º/2º Bac
<i>Respuestas sorprendentes a preguntas cotidianas</i>	Jordi Pereyra	1º/2º Bac
<i>Ciencia alucinante: Los más increíbles descubrimientos científicos</i>	Simon Torok e Paul Holper	2º/3º ESO

<i>El mundo de Max. La ciencia para todos</i>	Javier Fernández Panadero	2º/3º ESO
<i>¡Que se le van las vitaminas!</i>	Déborah García Bello	4º ESO /1º Bac
<i>Hacia las estrellas</i>	Alex Riveiro	4º ESO
<i>La cuchara menguante</i>	Sam Kean	3ºESO
<i>La física de los superhéroes</i>	James Kakalios	1º/2º Bac
<i>Un científico en el supermercado</i>	José Manuel López Nicolás	3º/4º ESO
<i>Desayuno con partículas</i>	Sonia Fernández Vidal	4ºESO/1º Bach

Criterios de avaliación

Non se vai cualificar dentro da materia o tempo asignado á lectura.

Utilización dos recursos da Biblioteca

Participación na Hora de ler e uso do servizo de empréstito da biblioteca.

Departamento de Matemáticas

Materia e curso: Ámbito Científico e Matemático, 3º PDC

Dedicación á lectura na aula

Unha hora á semana con carácter obrigatorio.

Itinerarios Lectores

- *Malditas matemáticas. Alicia en el país de los números*, Carlo Fabreti.

Criterios de avaliación

Non se vai cualificar dentro da materia.

Utilización dos recursos da Biblioteca

Os libros utilizados son préstamos da biblioteca.

Departamento de Economía

Materia e curso: Economía, 1º Bacharelato e 4º ESO

Dedicación á lectura na aula

Tres horas semanais de lectura dos libros de texto y dos apuntes elaborados pola docente, de carácter obrigatorio. Lecturas de libros recomendados polo docente de carácter voluntario.

Itinerarios Lectores

- *Mi primer libro de economía, ahorro e inversión*, M^a Jesús Soto.
- *Macroeconomía en viñetas*, Grady Klein.
- *La economía en cómic*, Jézabel Couppey.
- *La vuelta al mundo de un forro polar rojo*, Wolfgang Korn.

Criterios de avaliación

As lectura dos libros é voluntaria, non se avalía.

Utilización dos recursos da Biblioteca

Departamento de Tecnoloxía

Materia e curso:

Dedicación á lectura na aula

Itinerarios Lectores

- *La puerta de los tres cerrojos*.

Criterios de avaliación

Utilización dos recursos da Biblioteca

LER EN FAMILIA

A biblioteca escolar é un espazo aberto a toda a comunidade educativa e por iso, as familias teñen cabida en algunhas das actividades que organiza a biblioteca, así como o acceso aos recursos e fondos que ofrece. Durante todo o curso propóranse diferentes iniciativas para as familias:

- Xornada de portas abertas no primeiro trimestre.
- Posible formación de usuarios ao inicio do curso escolar.
- Acceso ao blog con toda a información sobre actividades, fondos e recomendacións lectoras.
- Club de lectura de adultos.
- Uso e préstamo de materiais da biblioteca.
- Participación nas actividades de “Lectura compartida”.
- Participación nos proxectos de carácter interdisciplinar como faladoiros, entrevistas co alumnado, gravación de vídeos, colaboración coa radio, etc.
- Elaboración de guías de lectura e recomendacións lectoras.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O seguimento e avaliación do traballo realizado ao longo do curso está relacionado co grao de consecución dos obxectivos propostos neste Plan Anual de Lectura. Por iso, en primeiro lugar o equipo de biblioteca entende que, para o correcto funcionamento, organización e xestión da mesma, é necesario un exercicio de autoavaliación. En segundo lugar, terase en conta os datos estatísticos das enquisas e cuestionarios sobre o uso da biblioteca, os recursos que ofrece, o nivel de demanda dos fondos, a implicación do alumnado nas actividades propostas, etc.

Polo tanto, para avaliar o uso da biblioteca escolar e o cumprimento dos obxectivos propostos, podemos utilizar unha combinación de indicadores cuantitativos e cualitativos:

Entre os **indicadores cuantitativos**, destacamos:

Número de usuarios: Rexistro do número de alumnos, profesores e outros membros da comunidade educativa que utilizan a biblioteca nun período determinado (diario, semanal, mensual, anual).

Préstamos: Rexistro do número de libros, revistas e outros materiais prestados, diferenciando por tipo de usuario (alumnos, profesores) e temática.

Visitas: Rexistro do número de visitas á biblioteca, tanto para préstamo como para consulta en sala, uso de ordenadores ou participación en actividades.

Uso de recursos en liña: Rexistro do número de accesos a bases de datos, plataformas educativas e outros recursos dixitais dispoñibles a través da biblioteca.

Participación en actividades: Rexistro do número de participantes en actividades organizadas pola biblioteca, como clubs de lectura, obradoiros, charlas ou exposicións.

Entre os **indicadores cualitativos**, salientamos:

Enquisas de satisfacción: Recollida de opinións e suxestións dos usuarios sobre os servizos e recursos da biblioteca, así como sobre a súa experiencia de uso.

Observación directa: Observación do comportamento dos usuarios na biblioteca, rexistrando o tempo de permanencia, as actividades realizadas e o uso dos diferentes espazos e recursos.

Entrevistas: Entrevistas a profesores e alumnos para coñecer a súa percepción sobre a biblioteca, o seu impacto na aprendizaxe e a súa integración no currículo.

Análise de traballos e proxectos: Análise dos traballos e proxectos realizados polos alumnos, para avaliar o uso de recursos da biblioteca e o desenvolvemento de competencias informacionais.